

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vilalba, recordándolle que o concello ten a obriga de contestar expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Expediente: N.9.Q/283/23

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2023

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que:

*“El día 13 de Diciembre de 2022, he presentado escrito al ayuntamiento de Villalba, Lugo, ya que necesito un vado en mi vivienda, la duda me surge cuando me entero de que la policía local únicamente realiza sus funciones de 8:00 a 22:00 hrs. Es decir, que de noche no hay autoridad municipal que se encargue del servicio.*

*En el escrito pregunto que pasa si un vehículo aparca de noche en mi vado quien procedería a la retirada del mismo ya que la guardia civil no tiene competencias para la retirada aunque sí para la sanción (cosa que a mi no me resolvería el problema), a día de hoy no he recibido respuesta y la semana pasada consecuencia de tener que dejar el coche en la calle me ha aparecido rallado por vandalismo.*

*Me pregunto si es legal cobrar por un servicio que no se da, ya que sin autoridad competente la grúa municipal no actúa.*

*El expediente presentado es 2022-E-RC-6104.”.*

Ante iso requirimos informe a esa Administración en datas 17/02/2023, 22/03/2023 e 25/04/2023.

No informe achegado polo concello sinálase que con data 23/05/2023 foille respondida a consulta á señora XXX no seguinte sentido:

*“(..) Segundo establece o artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: “1. As entidades locais, nos termos previstos nesta lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos. (..)”*

*(..) as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, e en particular polos seguintes: [...] h) Entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.”*

*Neste mesmo senso se pronuncia o TÍTULO TERCEIRO, da Ordenanza municipal número 62, reguladora do tráfico, mobilidade e seguridade viaria do Concello de Vilalba, dispoñible para a súa consulta na sede electrónica do Concello de Vilalba <https://www.vilalba.gal/normativa-municipal/>*

*Con respecto á taxa, a ordenanza municipal número 27 fiscal reguladora de taxas por reservas ou aproveitamentos especiais de espazo de uso público, e por inmovilización, retirada, traslado e depósito de vehículos, establece no seu artigo 3 como feito impoñible: “Constitúe o feito impoñible das taxas por reservas ou aproveitamentos especiais do espazo de uso público reserva especial de espazo na calzada para entrada e/ou saída de vehículos ao interior do inmovible ou solares, legalmente autorizados polo Concello como “VAO PERMANENTE”, sen prexuízo do establecido no artigo 14 da presente ordenanza.”*

*Polo tanto, a autorización dun vao permanente no caso que nos expón, así como o abono da taxa correspondente, se devenga pola utilización do dominio público en beneficio particular para a entrada de vehículos a través da beirarrúa e reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, segundo a lexislación exposta anteriormente e de acordo coas ordenanzas municipais que pode consultar no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Vilalba.”*

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. No que respecta ao cobro da taxa pola sinalización de vaos e zonas de estacionamento privativo, o informe municipal reflicte a normativa vixente, tanto a estatal

como as propias Ordenanzas municipais nas que se indica que o pago da taxa é pola ocupación de dominio público, polo dereito de paso a través das beirarrúas e pola reserva de espazo para o estacionamento dunha vivenda. Quere isto dicir que non se inclúe, na taxa, a intervención policial nin a do guindastre municipal, caso de existir.

SEGUNDA. Tanto a interesada como o propio informe municipal sinalan que aquela presentou un escrito con data 13/12/2022 solicitando información arredor dos vaos municipais. Do informe remitido por ese concello derívase que se lle deu resposta no mes de maio, unha vez que foi requirida información por parte desta institución.

Nestes casos os escritos serán tramitados, en principio e con carácter xeral, conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21).

En todo caso, cando unha persoa solicita información á Administración, esta debe achegarlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo iso con prontitude e sen demoras inxustificadas.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

***Recordámoslle que o concello ten a obriga de contestar expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.



Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo